

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de maio de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta e un de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(606).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(607).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESOS E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2716/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 29.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Tomar coñecemento da exclusión acordada pola Mesa de Contratación respecto do licitador ACTEXGA, S.L. Por que o obxecto social da empresa non lle faculta para executar-lo contrato e non acredita a solvencia técnica xa que as certificacións de traballos executados non teñen que ver na súa actividade principal (servizos de comedores escolares) co obxecto do contrato.

EMPRESA	TOTAL VALORACIÓN MEDIANTE FORMULA	TOTAL VALORACIÓN MEDIANTE XUIZO DE VALOR	TOTAL
MANPOWER GROUP SOLUTIONS SLU	73,235	12,50	85,735
CLECE S.A.	73,034	9,00	82,034
RANDSTAD PROJECT SERVICES S.L.U.	69,043	11,00	80,043
ALIANZAS Y SUBCONTRATAS S.A.	69,372	7,50	76,872
SAMYL S.L.	65,813	7,00	72,813
EULEN S.A.	51,864	9,50	61,364
IMESAPI S.A.	37,148	17,50	54,648
COBRA SERVICIOS AUXILIARES S.A.	42,661	9,00	51,661
V2 COMPLEMENTOS AUXILIARES S.A.	39,453	8,50	47,953
ARASTI BARCA MA Y MA SCV	11,433	11,00	22,433

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo de portería, control de accesos e información ao público nos centros cívicos municipais. (expediente 2716-321) no seguinte orde decrecente:

Terceiro.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar Manpowergroup Solutions, S.L.U. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRL-CSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Documentación acreditativa de dispor efectivamente os medios personais esixidos no apartado 6 E) das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 683,54 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en

primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

3(608).- DEIXAR SEN EFECTO ACORDO DA X.GOVERNO DO 24.05.13 E RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 6.05.13 DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN BAIXA E MEDIA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14694/444.

Dáse conta do informe-proposta do 29.05.13, asinado polo xefe dos Servizos Enerxéticos, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 6.05.2013 no punto 3 acordou a aprobación do expediente do epígrafe e, no punto 2º do acordo di: "Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Fomento con data 14 de marzo de 2013 para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN superiores a 10 kW para os distintos edificios e instalacións titularidade do Concello de Vigo".

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 24 de maio de 2013, adoptou no seu punto 4º o acordo de RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.G.L. DO 6.05.2013 DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN BAIXA E MEDIA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE 14694/444.

Debido a un erro na mención da data e prego a rectificar é necesario deixar sen efecto o devandito acordo de rectificación e, ao mesmo tempo, acordar a rectificación do expediente debido a que o devandito punto transcribe un erro contemplado na proposta de aprobación do expediente, xa que fai referencia a un prego anulado que foi substituído polo de data 29 de abril de 2013.

Polo exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Deixar sen efecto a rectificación do expediente de referencia aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 24.05.2013

2º.- Aprobar a corrección do erro contemplado na proposta de aprobación do expediente, e no punto 2º do acordo, onde di:

"Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Fomento con data 14 de marzo de 2013 para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN superiores a 10 kW para os distintos edificios e instalacións titularidade do Concello de Vigo".

Debe dicir:

"Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Fomento con data 29 de abril de 2013 para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN superiores a 10 kW para os distintos edificios e instalacións titularidade do Concello de Vigo".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.